



## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

### **REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.....	2
TÍTULO PRELIMINAR. DO ÁMBITO E DO RÉXIME XURÍDICO DE APLICACIÓN.	2
TÍTULO I. NATUREZA, FINS E FUNCIÓNS.....	3
TÍTULO II. DA ORGANIZACIÓN DA FACULTADE .....	3
CAPÍTULO I. DA ESTRUCTURA DA FACULTADE .....	3
CAPÍTULO II. DO GOBERNO DA FACULTADE .....	3
SECCIÓN PRIMEIRA. DOS ÓRGANOS COLEXIADOS .....	4
SECCIÓN SEGUNDA. DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS.....	12
TÍTULO III. DO RÉXIME ECONÓMICO .....	14
TÍTULO V. DA REFORMA DO REGULAMENTO .....	14
DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS .....	15
DISPOSICIÓNS FINAIS .....	15

(Aprobado por asentimento en Xunta de Facultade celebrada o 8 de maio de 2006; modificado por asentimento en Xunta de Facultade celebrada o 26 de outubro de 2006; aprobado polo Consello de Goberno na súa reunión do 14 de decembro de 2006)

# **REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O presente regulamento vén dar cumprimento ao disposto no artigo 13 dos Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados polo Decreto 101/2004, de 13 de maio, que aproba os Estatutos da Universidade da Coruña (DOG do 26 de maio).

A regulación do réxime de funcionamento e organización da Facultade de Ciencias da Educación fica enmarcada na normativa aplicable á Universidade da Coruña, en concreto na Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, e no Decreto 101/2004, de 13 de maio, que aproba os Estatutos da Universidade da Coruña, así como na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, naqueles aspectos que se recollen na presente normativa e que son de obrigado cumprimento ou que con carácter subsidiario foren de aplicación.

## **TÍTULO PRELIMINAR. DO ÁMBITO E DO RÉXIME XURÍDICO DE APLICACIÓN**

### **Artigo 1. Obxecto do regulamento**

O presente regulamento establece e regula o funcionamento e organización da Facultade de Ciencias da Educación.

### **Artigo 2. Ámbito de aplicación**

O presente regulamento será de aplicación á Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña e consecuentemente será de obrigado cumprimento para todos os membros da comunidade universitaria do centro.

### **Artigo 3. Réxime xurídico**

1. A Facultade de Ciencias da Educación rexerese pola Lei Orgánica de Universidades, polas normas que emanen dos correspondentes órganos do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio das súas respectivas competencias, polos Estatutos da Universidade da Coruña e as súas normas de desenvolvemento e, finalmente, polo presente Regulamento de réxime interno.
2. En defecto do establecido no presente regulamento aplicarase a Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
3. Contra as resolucións e acordos dos órganos unipersoais ou colexiados do centro, poderá formularse recurso de alzada no prazo dun mes perante o reitor, tratándose de resolucións do decano/director, ou perante o consello de goberno, tratándose de acordos da xunta de centro, cuxa decisión esgotará a vía administrativa e será impugnabile perante a xurisdición contencioso-administrativa de conformidade coa lei reguladora desta xurisdición.

## **TÍTULO I. NATUREZA, FINS E FUNCIONS**

### **Artigo 4. Natureza**

A Facultade de Ciencias da Educación é o centro encargado da organización do ensino e dos procesos académicos, administrativos e de xestión conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio español.

### **Artigo 5. Funcións**

Son funcións da Facultade de Ciencias da Educación:

1. Elaborar a proposta dos planos de estudo do ensino que se imparte nela.
2. Organizar e supervisar as actividades docentes que se realicen no centro, e a xestión dos servizos, na medida en que unhas e outros sexan da súa competencia.
3. Custodiar as actas de cualificación e os expedientes dos/as estudantes que cursasen ou cursen estudos nela, sen prexuízo do mantemento, por parte da Universidade, de arquivos centralizados.
4. Expedir as certificacións solicitadas polos/as estudantes do centro.
5. Administrar a asignación orzamentaria do centro e controlar os seus propios servizos e equipamentos.
6. Promover actividades culturais e de extensión universitaria.
7. Participar nos procesos de avaliación da calidade.
8. Informar ao Consello de Goberno, xunto cos departamentos correspondentes, para a posible aprobación por parte deste de planos de estudo conxuntos con outras universidades, nacionais ou estranxeiras.
9. Realizar contratos e convenios nos termos da lexislación vixente.
10. Calquera outra que lle atribúan as disposicións legais vixentes e os Estatutos da Universidade da Coruña aprobados por Decreto 101/2004, de 13 de maio.

## **TÍTULO II. DA ORGANIZACIÓN DA FACULTADE**

### **CAPÍTULO I. DA ESTRUTURA DA FACULTADE**

#### **Artigo 6. Persoal adscrito á Facultade de Ciencias da Educación**

Son membros da Facultade de Ciencias da Educación o persoal docente e investigador e de administración e servizos adscritos a ela, así como o estudantado matriculado nalgunha das titulacións oficiais impartidas polo centro.

#### **Artigo 7. Adscrición do profesorado**

O profesorado que se incorpore á Universidade quedará adscrito ao centro que lle asigne o departamento.

### **CAPÍTULO II. DO GOBERNO DA FACULTADE**

#### **Artigo 8. Órganos de goberno da Facultade**

Para o goberno, representación e administración da Facultade de Ciencias da Educación, establécense os seguintes órganos:

a) Colexiados:

- Xunta de Facultade
- Comisión Permanente da Xunta de Facultade
- Comisión Académica, de Asuntos Económicos e Infraestruturas, Extensión Cultural, Biblioteca, Calidade, Normalización Lingüística e Comisións de Titulación e de Practicum.

b) Unipersoais:

- Decano/a da Facultade
- Vicedecanos/as da Facultade
- Secretario/a da Facultade

## **SECCIÓN PRIMEIRA. DOS ÓRGANOS COLEXIADOS**

### **Artigo 9. Composición da Xunta de Facultade**

1. A Xunta de Facultade estará constituída por:

- a. O Decano /a , que a convocará e presidirá.
  - b. Os/as vicedecanos /as e o/a Secretario/a, que o/a será tamén da Xunta.
  - c. Un 70% de profesorado do centro. Todo o profesorado funcionario do centro pertencerá á Xunta de Centro e representará, polo menos, un 51% do número total de membros desta. Sempre que sexa posible, o 19% será profesorado non funcionario.
  - d. Un 25% de estudantado do centro.
  - e. Un 5% de persoal de administración e servizos.
2. O profesorado que imparta docencia en máis dun centro só poderá ser membro da Xunta de Centro en que desenvolva maioritariamente a súa docencia.
3. As persoas representantes na Xunta de Centro serán elixidas para un período de dous anos.
4. Poderá crearse, nos termos do artigo 16 deste regulamento, unha Comisión Permanente no seo da Xunta de Centro.

### **Artigo 10. Competencias da Xunta de Facultade**

Como órgano colexiado de goberno do centro, á Xunta de Facultade correspóndelle:

1. Elixir o/a Decano /a e, se for o caso, revogalo/a.
2. Supervisar a xestión dos diferentes órganos de goberno e administración do centro.
3. Informar sobre a implantación de novas titulacións e estudos.
4. Elaborar e aprobar as propostas de planos de estudos das titulacións que se impartan no centro.
5. Formular anualmente, antes do comezo do curso académico, o plano docente do centro coordinadamente cos Departamentos adscritos ao centro.
6. Aprobar os horarios e o calendario de exames das convocatorias oficiais.
7. Organizar, supervisar e informar sobre as actividades docentes para a obtención dos títulos académicos do seu ámbito de competencia, e coordinar e supervisar o desenvolvemento dos contidos mínimos das materias impartidas neles polos departamentos, de acordo cos planos de estudo e cos obxectivos establecidos para cada titulación.
8. Programar os servizos e equipamentos do centro e mais supervisar a súa xestión.

9. Acordar os criterios xerais para a distribución dos créditos concedidos ao centro e controlar a súa aplicación mediante a aprobación da memoria económica anual.
10. Elaborar o Regulamento de Réxime Interno do centro e propoñelo ó Consello de Goberno, para súa aprobación.
11. Organizar actividades de formación permanente e de extensión universitaria.
12. Emitir os informes acerca do cumprimento das obrigas docentes cando sexan solicitados polo profesorado para o recoñecemento de méritos docentes.
13. Propor á Xunta de Goberno da Universidade os nomeamentos de Doctor Honoris Causa para a súa aprobación polo Claustro.
14. Elexir ós membros da Comisión Permanente así como, no seu caso, os das demais Comisións previstas neste Regulamento
15. Calquera outra que lle atribúan as disposicións legais vixentes e os Estatutos da Universidade da Coruña aprobados polo Decreto 101/2004, de 13 de maio.

### **Artigo 11. Funcionamento da Xunta de Facultade**

1. A Xunta de Facultade reunirse en sesión ordinaria cantas veces sexa necesario e, polo menos, dúas veces ao ano, e en sesión extraordinaria sempre que o Decano/a a convoque por propia iniciativa ou por solicitude dun quince por cento dos seus membros, en cuxo caso se realizará nos trinta días seguintes ao de recepción da solicitude.
2. A orde do día das sesións será fixada polo/a Decano/a tendo en conta, se for o caso, que un dez por cento dos membros da Xunta de Facultade poderá solicitar a inclusión dun punto na orde do día. En tal caso, este punto incluírase na primeira sesión que se convoque, sempre que se solicítase coa suficiente antelación.
3. A convocatoria será efectuada polo/a Secretario/a da Facultade por orde do Decano/a ou de quen legalmente o/a substitúa. Esta convocatoria incluírá a data, hora e lugar de celebración da sesión, así como a orde do día. As citacións da convocatoria cursaraas o Secretario/a, coa antelación suficiente para que todos os membros a reciban corenta e oito horas antes da celebración da sesión, incluíndo unha orde do día explícita, sen referencias xenéricas.

As citacións levaranse a cabo mediante notificación persoal por carta ao centro de traballo ou notificación en soporte informático con garantías da súa recepción. Na convocatoria ordinaria, a documentación ou información relacionada directamente cos asuntos a tratar que impliquen a toma de decisións, estará a disposición dos membros da Xunta corenta e oito horas antes de que esta se reúna.

4. Cando a natureza dos asuntos que se foren tratar así o requira, a xuízo do Decano/a, poderanse convocar ás sesións do Pleno ou, se for o caso, ás dalgunha comisión, ás persoas que se estime necesario, con voz mais sen voto.
5. As sesións extraordinarias da Xunta de Facultade están sometidas aos mesmos requirimentos que as ordinarias, coa excepción de que a súa convocatoria pode facerse con só vinte e catro horas de antelación e para o tratamento de puntos de inaprazable consideración. Non se incluírán na orde do día os puntos relativos á aprobación de actas, informes ou suxestións e preguntas.

## **Artigo 12. Constitución**

Para a válida constitución da Xunta de Facultade, para efectos da realización das sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza do Decano/a e Secretario/a ou, se for o caso, de quen os/as substitúa e da metade, polo menos, dos seus membros.

De non se alcanzar este quórum e, a menos que na notificación se convocase a sesión en única convocatoria, a Xunta de Facultade poderase constituír en segunda convocatoria, quince minutos mais tarde, coa presenza do vintecinco por cento dos seus membros e, en todo caso, a do/a Decano/a e Secretario/a ou, se for o caso, de quen os/as substitúan.

## **Artigo 13. Asistencia e desenvolvemento das sesións**

1. A asistencia ás sesións dos órganos colexiados da Universidade é un dereito e un deber dos membros que os integran.
2. A condición de membro dos órganos colexiados do centro é persoal e non delegable.
3. Calquera ausencia poderase xustificar por escrito con anterioridade á sesión en que se produza perante o/a Secretario/a de Facultade.
4. Ás sesións dos órganos colexiados só poderán asistir os seus respectivos membros, agás no caso recollido no artigo 11, apartado 4.
5. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, agás que estean presentes todos os membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.
6. O Decano/a dirixe e ordena o desenvolvemento dos debates. Tamén poderá propor á consideración da Xunta a alteración da discusión dos puntos da orde do día.

## **Artigo 14. Votacións e adopción de acordos**

1. As votacións poderanse realizar, a proposta do Decano/a da Facultade, por asentimento, a man alzada, pública por chamamento, ou secreta. A votación secreta poderá ser utilizada cando o acordo que se deba adoptar tiver carácter persoal ou cando o solicite un mínimo de cinco persoas. Considéranse adoptados os acordos por asentimento cando as propostas sometidas á Xunta non suscitaren oposición de ningún membro desta e non requirise outra forma de votación ningún membro.
2. A Xunta adoptará os seus acordos por maioría de votos afirmativos fronte aos negativos, sen ter en conta as abstencións, agás naqueles supostos en que se esixa, legal ou regulamentarmente, maioría absoluta ou cualificada.
3. En caso de empate nos resultados dunha votación, o Decano/a decidirá co seu voto de calidade.
4. Non poderán someterse a votación aquelas cuestións que non estiveren especificadas en cada punto da orde do día e en relación directa con elas. Tampouco non poderán tomarse acordos dentro dos apartados da orde do día correspondentes a “Informes” e “Suxestións e Preguntas”.
5. Iniciada unha votación, esta non se poderá interromper.
6. Non se admitirá a delegación de voto. Tampouco será admitido o voto anticipado agás naqueles casos contemplados nos Regulamentos Electorais da Universidade.

## **Artigo 15. Actas**

1. De cada sesión que teña lugar a Xunta de Facultade redactará a acta o/a Secretario/a, que especificará necesariamente a relación de asistentes e ausentes que achegasen a

xustificación, a orde do día da reunión, as circunstancias do lugar e tempo en que tivo lugar, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos e o xeito en que estes se adoptaron.

2. Na acta figurará, após solicitude dos respectivos membros da Xunta de Facultade, o voto contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que a xustifiquen ou o sentido do seu voto favorable. Así mesmo, calquera membro ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que achegue no acto ou no prazo que sinale o Decano/a, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, facéndose así constar na acta ou uníndose copia a ela.
3. Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito no prazo de corenta e oito horas, que se incorporará ao texto aprobado.
4. Cando os membros do órgano votaren en contra ou se abstiveren, quedarán exentos da responsabilidade que, se for o caso, puidese derivarse dos acordos.
5. As actas aprobaranse na seguinte sesión, podendo non obstante emitir o/a Secretario/a certificación sobre os acordos específicos que se adoptasen, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta.
6. Calquera membro da Facultade poderá solicitar por escrito certificación dos acordos da Xunta de Facultade. As certificacións expedidas polo Secretario/a da Xunta só darán fe dos acordos aprobados pola Xunta.

#### **Artigo 16. Comisión Permanente de Xunta de Facultade**

1. Poderase crear unha Comisión Permanente, con competencias delegadas da Xunta de Facultade. Os acordos que adopte a Comisión Permanente relativos a competencias delegadas pola Xunta de Facultade serán comunicados a ésta na primeira sesión ordinaria que se realice.
2. Na composición da Comisión Permanente manterase a proporcionalidade existente na Xunta de Facultade respectando as porcentaxes de representación asignadas a cada un dos diferentes colectivos. A composición da Comisión Permanente será a seguinte:
  - O/a Decano/a que a preside
  - Os/as Vicedecanos/as con voz pero sen voto
  - O/a Secretario/a que o será tamén da Comisión Permanente
  - Os/as Directores/as dos Departamentos adscritos á Facultade ou persoas en quen deleguen.
  - Un profesor/a por Titulación
  - Un 25% de representantes dos estudantes.
  - Un 5% de representantes do PAS
3. As competencias da Comisión Permanente, ademais de calquera outra que expresamente delegue nela a Xunta de Centro, serán as seguintes:
  - a. Asesorar ao Decano/a en todas as cuestións que no exercicio das súas competencias someta á súa consideración.
  - b. Coñecer e decidir sobre asuntos de trámite.
  - c. Adoptar acordos sobre:
    - o Límite de admisión de estudantes en cada unha das titulacións da Facultade.
    - o Nomeamento do Tribunal de Compensación.
    - o Proposta de Premios Extraordinarios de Licenciatura e Diplomatura.
  - d. Resolver calquera dúbida que se poida presentar acerca da interpretación deste Regulamento.

- e. Caso de non se acadar quórum para celabrar Xunta de Facultade, e sempre que exista urxencia xustificada, a Comisión Permanente poderá adoptar acordos sobre os asuntos relativos ao artigo 10, apartados 5, 6, 9, 11 e 12 do presente Regulamento.
4. A Comisión Permanente proporcionará información periódica sobre os seus traballos. O Decano/a informará ó Pleno da Xunta de todas as actuacións da Comisión Permanente.
5. No seu funcionamento rexerese polas normas recollidas nos artigos 11 a 15 do presente Regulamento, de aplicación para o funcionamento da Xunta de Facultade, agás no relativo á periodicidade das sesións, que se celebrarán cando o estime necesario o/a Decano/a ou a petición dun terzo dos seus integrantes.
6. A renovación dos membros electos da Comisión Permanente realizarase cada dous anos e sempre que haxa eleccións a Decano/a.

### **Artigo 17. Comisións da Xunta de Facultade**

1. A Xunta de Facultade, para efectos do seu mellor funcionamento ou actuación, poderá constituír comisións con carácter de apoio ou asesoramento. Estas comisións poderán decidir sobre as cuestións expresamente contempladas no presente Regulamento, así como sobre outras que lles delegue expresamente o Pleno da Xunta, debendo fundamentar e axustar os seus acordos aos criterios xerais que, no seu caso, aprobe a Xunta de Facultade. O decano/a informará á Xunta de Facultade das propostas e acordos adoptados.
2. Son Comisións de carácter estable as seguintes: Comisión Académica, de Asuntos Económicos e Infraestruturas, Extensión Cultural, Biblioteca, Calidade, Normalización Lingüística e Comisións de Titulación e Practicum.
3. Á marxen destas Comisións de carácter estable, a Xunta de Facultade poderá decidir a creación de Comisións de carácter conxuntural para resolver situacións puntuais ou asuntos concretos.
4. As comisións estarán compostas polos membros da Xunta de Facultade designados por ela mesma. A renovación dos membros das Comisións delegadas realizarase cada dous anos e sempre que haxa eleccións a Decano/a. Caso de procurirse ceses ou vacantes, procederase, de non haber suplentes, á elección de novos membros por parte da Xunta de Facultade.
5. Para o seu funcionamento e adopción de acordos rexeranse polas normas establecidas para a Xunta de Facultade no presente regulamento, agás no relativo á periodicidade das sesións, que se celebrarán cando o estime necesario o/a Decano/a ou Vicedecano/a en quen delegue a presidencia das comisións ou a petición dun terzo dos seus integrantes. A convocatoria será realizada polo Decano/a ou Vicedecano/a en quen delegue a presidencia da comisión correspondente.
6. As actas das Comisións estarán dispoñibles para todos os membros da Facultade.

### **Artigo 18. Comisión Académica**

1. A Comisión Académica estará composta por:
  - O/a Decano/a ou membro do equipo decanal en quen delegue e que será quen a presida
  - Un profesor/a representante de cada un dos departamentos adscritos, a elixir por estes.



- Dous representantes dos profesores/as elexidos pola Xunta de Facultade, preferentemente entre o profesorado que imparta docencia nas titulacións que non están cubertas polos representantes dos departamentos.
  - Dous estudantes
  - Un representante do PAS pertencente ao Negociado de asuntos académicos.
2. Son funcións da Comisión Académica:
- a. Facer propostas ao Pleno da Xunta sobre asuntos académicos ordinarios, como os criterios para a elaboración dos horarios de clase e dos calendarios oficiais de exames.
  - b. Velar para que no momento da matrícula os estudantes coñezan a oferta docente, os horarios das materias e as datas de realización dos exames oficiais.
  - c. Coñecer as programacións das materias correspondentes ás Titulacións existentes na Facultade e procurar o seu axeitado cumprimento.
  - d. Informar sobre as validacións e/ou adaptacións de estudos españois ou estranxeiros que sexan sometidas á súa consideración polo decano.
  - e. Informar sobre as actividades que poden validarse por créditos de libre configuración.
  - f. Aprobar as materias optativas que poden ofertarse a titulacións distintas daquelas en cuxo plano de estudos están incluídas.
  - g. Mediar, dentro dos límites da súas competencias, nos conflitos que no aspecto docente poidan xurdir entre os membros dos colectivos da Facultade.
  - h. Intervir nas reclamacións presentadas polos estudantes sobre cualificacións, segundo o establecido na *Normativa académica, de avaliacións, de cualificacións e reclamacións da Universidade da Coruña*.

### **Artigo 19. Comisión de Asuntos Económicos e Infraestruturas**

1. A Comisión de Asuntos Económicos e Infraestruturas estará composta por:
  - O/a Decano/a ou membro do equipo decanal en quen delegue e que será quen a presida
  - Catro profesores/as
  - Dous estudantes
  - Un representante do PAS pertencente ao Negociado de Asuntos Económicos.
2. Son funcións da Comisión de Asuntos Económicos e Infraestruturas:
  - a. Informar o proxecto de orzamento elaborado polo equipo decanal antes do seu debate no Pleno da Xunta de Facultade.
  - b. Distribuir, segundo os criterios xerais aprobados por Xunta de Facultade, as partidas orzamentarias 220 (materal de oficina), 221 (subministros) e 625 (mobilia e quipamento docente).
  - c. Propoñer a distribución de espazos adicados á investigación, docencia e administración.
  - d. Analizar e propoñer medidas relativas á mellora dos servizos xerais da Facultade.
  - e. Facer o seguimento do estado do edificio e facer proposicións sobre a súa conservación e reparación.
3. Cando a Comisión estableza prazos de presentación de propostas de gasto ou de priorización de adquisicións, explicitará na convocatoria os criterios xerais que seguirá para a resolución das solicitudes presentadas.

### **Artigo 20. Comisión de Extensión Cultural**

1. A Comisión de Extensión Cultural estará formada por:
  - O/a Decano/a ou membro do equipo decanal en quen delegue e que será quen a presida
  - Catro profesores/as
  - Dous estudantes
  - Un representante do Persoal de Administración e Servizos
2. Son funcións da Comisión de Extensión Cultural:
  - a. Encargarse da dinamización cultural da Facultade.
  - b. Organizar as actividades de carácter extracurricular que sexan de interese para o conxunto dos membros da Facultade.
  - c. Colaborar, sempre que se estime oportuno, nas actividades que organicen os departamentos ou calquera outro membro ou colectivo da Facultade.
  - d. Xestionar a partida anual de extensión universitaria da Facultade, facer propostas de reparto e verificar a realización das actividades e a aplicación dos créditos concedidos.
  - e. Fomentar os intercambios con outras Universidades e Institucións.
3. Cando a Comisión de Extensión Cultural convoque un prazo xeral de presentación de propostas de gasto, explicitará na convocatoria os criterios xeras que seguirá para a resolución das solicitudes presentadas.

### **Artigo 21. Comisión de Normalización Lingüística**

1. A Comisión de Normalización Lingüística estará formada por:
  - O/a Decano/a ou membro do equipo decanal en quen delegue e que será quen a presida
  - Catro profesores/as
  - Dous estudantes
  - Un representante do Persoal de Administración e Servizos.
2. Son funcións da Comisión de Normalización Lingüística:
  - a. Aumentar a sensibilidade da Facultade sobre o uso do galego.
  - b. Promover actividades formativas orientadas ao coñecemento oral e escrito do idioma galego.
  - c. Propiciar que o galego sexa a lingua habitual de comunicación, de expresión e de traballo da Facultade.
  - d. Velar polo cumprimento da normativa existente en materia de normalización lingüística.
  - e. Ser a interlocutora na Facultade do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade.

### **Artigo 22. Comisións de Titulación**

1. En cada unha das titulacións que se impartan na Facultade crearase unha Comisión de Titulación, que terá a seguinte composición:
  - O/a Decano/a ou membro do equipo decanal en quen delegue e que será quen a presida.
  - Un profesor/a representante de cada unha das áreas de coñecemento troncais con docencia na titulación, elexidos polos Departamentos correspondentes.

- Unha representación —o 30% dos integrantes da Comisión— das áreas non troncais con docencia na Titulación, elexida pola Xunta de Facultade.
  - Unha representación dos estudantes do 25%.
2. Son funcións da Comisión de Titulación:
- a. Diseñar o perfil académico-profesional da titulación.
  - b. Elaborar a guía docente.
  - c. Coordinar o desenvolvemento da actividade docente en cada curso e no conxunto da titulación.
  - d. Formular propostas de mellora docente ás comisións ou instancias que correspondan.
  - e. Elaborar ou, no seu caso, modificar, o Plano do Practicum da titulación, así como o sistema de avaliación.
  - f. Propoñer para cada curso académico as datas de realización do Practicum I e o Practicum II.
  - g. Planificar e facer o seguimento das actividades desenvolvidas durante o período de Practicum.
  - h. Asignar a cada profesor/a os estudantes que deberá titorizar en función do POD remitido polos Departamentos.
  - i. Determinar os criterios para a selección dos Centros de prácticas.
  - j. Asignar a cada alumno/a o centro onde deberá realizar as prácticas.
  - k. Presentar o Plano do Practicum ao alumnado e organizar as sesións previas á realización das prácticas.
  - l. Xestionar os medios materiais e económicos necesarios para o normal desenvolvemento do Practicum.
  - m. Solucionar os problemas que xurdan na realización do Practicum.
  - n. Promover e xestionar convenios con organismos e institucións públicas e privadas para a realización das prácticas.

### **Artigo 23. Comisión de Calidade**

1. A Comisión de Calidade estará formada por:
  - O/a Decano/a ou membro do equipo decanal en quen delegue e que será quen a presida
  - O Responsable de Calidade da Facultade
  - Un representante de cada un dos departamentos adscritos, a eleixir por estes
  - Un representante do profesorado dos departamentos non adscritos, elexido en Xunta de Facultade
  - Dous estudantes
  - Un representante do PAS
2. Son competencias da Comisión de Calidade:
  - a. Realizar o seguimento dos planos de mellora das titulacións que se imparten no centro e elaborar, no seu caso, unha memoria anual sobre o seu grao de execución.
  - b. Promover accións coordinadas entre os departamentos e o centro co obxecto de mellorar a calidade da docencia en cada unha das titulacións adscritas á Facultade.
  - c. Elaborar e realizar o seguimento, se fose procedente, dos informes de avaliación da Calidade que se lle soliciten ó Centro

- d. Colaborar na elaboración e actualización dos planos estratéxicos que corresponsan á Facultade no ámbito do plano estratéxico da UDC.
- e. Promover relacións de colaboración co entorno profesional de referencia en cada unha das titulacións, co obxecto de mellorar a cualificación formativa dos estudantes e a inserción laboral dos egresados.
- f. Calquera outra función que, relacionada coa calidade, lle asignar a Xunta de Facultade.

#### **Artigo 24. Comisión de Biblioteca**

A Comisión de Biblioteca da Facultade rexirase polo Artigo 7 do Regulamento da Biblioteca Universitaria e dos Estatutos da Universidade de A Coruña.

#### **Artigo 25. Comisións de Planos de Estudo**

Cando a Facultade inicie o proceso de elaboración ou modificación de planos de estudo, a Xunta de Centro creará unha Comisión técnica especializada en cada titulación para que realice a correspondente proposta. A composición desta comisión decidirse en función das directrices específicas de cada título.

### **SECCIÓN SEGUNDA. DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS**

#### **Artigo 26. Do/a Decano/a de Facultade**

1. O/a Decano/a de Facultade ostenta a representación do seu centro e exerce as funcións de dirección e xestión ordinaria deste.
2. O/a Decano/a de Facultade será nomeado/a polo Reitor por un período de catro anos, tras a elección pola Xunta de Facultade, entre profesorado doutor pertencente aos corpos docentes universitarios adscritos ao respectivo centro.
3. O/a Decano/a de Facultade será elixido/a pola maioría dos votos validamente emitidos na Xunta de Centro. A súa revogación producirase en virtude de acordo adoptado por maioría absoluta da Xunta de Centro, por petición dun terzo dos seus membros, con proposta de candidato alternativo. En caso de que non prosperase a moción, os membros asinantes desta non poderán tomar novamente a iniciativa de revogar o/a Decano/a durante o mesmo mandato.
4. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade o/a Decano/a será substituído/a polo/a Vicedecano/a expresamente designado polo/a Decano/a.

#### **Artigo 27. Funcións do/a Decano/a de facultade**

Corresponde ao/á Decano/a:

- a. Representar o centro.
- b. Presidir as reunións da Xunta de Centro e de calquera outro órgano colexiado dela e mais executar os seus acordos.
- c. Velar polo cumprimento da legalidade en todas as actuacións do centro, polo bo funcionamento dos servizos e polo mantemento da disciplina académica.
- d. Dirixir e supervisar as actividades do centro, especialmente a organización das actividades docentes.
- e. Proporlle ao reitor o nomeamento e cesamento do/a Vicedecanos/as e Secretario/a do centro.

- f. Controlar o cumprimento das funcións do persoal de administración e servizos adscritos ao centro.
- g. Presidir a Comisión de Selección do Persoal Docente e Investigador Contratado.
- h. Procurar que se respecten os dereitos de todos os membros da Facultade e que todos eles cumpran debidamente as súas obrigas.
- i. Exercer as restantes funcións derivadas do seu cargo, así como aquelas que lle atribúan as disposicións legais vixentes e os Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados por Decreto 101/2004, de 13 de maio.

### **Artigo 28. Vicedecanos/as de Facultade**

1. Para o mellor desenvolvemento das súas funcións, o/a Decano/a contará co auxilio dos/as Vicedecanos/as, nas áreas de actividade a que responda a súa denominación, que actuarán baixo a súa dirección e dependencia, e serán nomeados polo reitor por proposta do/a Decano/a, de entre os membros da comunidade universitaria do centro.
2. Cesarán por decisión do Reitor por proposta do/a Decano/a, por petición propia e, en todo caso, cando conclúa o mandato do/a Decano/a. Nos dous últimos casos, continuarán en funcións ata a toma de posesión dos seus sucesores.

### **Artigo 29. Funcións dos/as Vicedecanos/as**

Corresponderalles dirixir e coordinar, baixo a autoridade do/a Decano/a, a área de competencia que este/a lles asigne, así como presidir, por delegación do Decano/a, as Comisións da Facultade. O/a Decano/a designará quen o/a deberá substituír no caso de ausencia ou enfermidade.

### **Artigo 30. Secretario/a de Facultade**

1. O/a Secretario/a do centro é a persoa que dá fe dos actos e acordos dos órganos de goberno e administración do centro. Será nomeado polo reitor, por proposta do/a Decano/a, entre funcionarios/as adscritos/as a este centro. Cesará por decisión do reitor por proposta do/a Decano/a, por petición propia e, en todo caso, cando conclúa o mandato do/a Decano/a. Nos dous últimos casos, continuará en funcións ata a toma de posesión do seu sucesor.
2. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, o/a Secretario/a será substituído polo/a Vicedecano/a que determine o/a Decano/a.
3. Serán funcións do/a Secretario/a, ademais das legalmente establecidas, as seguintes:
  - a. A formación e custodia dos libros de Actas dos órganos colexiados do centro.
  - b. A recepción e custodia das Actas de cualificación de exames.
  - c. A expedición de certificacións dos acordos e de todos os actos ou feitos que consten nos documentos oficiais do centro.
  - d. A custodia do selo do centro e do rexistro deste.
  - e. A publicidade dos acordos dos órganos colexiados do centro.
  - f. Calquera outra función que lle delegue o/a Decano/a ou que lle encomenden as disposicións legais vixentes e os Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados por Decreto 101/2004, de 13 de maio.

## **TÍTULO III. DO RÉXIME ECONÓMICO**

### **Artículo 31. Recursos económicos**

1. Para a realización da organización do ensino e dos procesos académicos, administrativos e de xestión a facultade dispón:
  - a. Dos bens, equipos e instalacións que, previamente inventariados, a Universidade da Coruña lle destine.
  - b. Dos recursos que nos orzamentos da Universidade da Coruña se lle asignen.
  - c. Calquera outro recurso que puidese serlle atribuído.
2. Corresponde aos órganos de goberno da facultade velar polo mantemento e renovación dos recursos adscritos a ela. Da súa conservación directa son responsables todos os membros adscritos á facultade, e esta será supervisada polo/a Decano/a.

### **Artigo 32. Competencias en materia económica**

1. A Xunta de Facultade adoptará anualmente os criterios para a asignación de recursos do centro que serán destinados ao seu funcionamento e á atención das tarefas que lle son propias.
2. Corresponde ao decanato:
  - a. Elaborar e presentar anualmente á Xunta de Facultade, para o seu debate e, se for o caso, aprobación, unha estimación dos ingresos e gastos do centro no seu conxunto co reparto máis pormenorizado posible dos capítulos e unidades de gasto previstos para o exercicio económico seguinte.
  - b. Elaborar e presentar anualmente á Xunta de Centro, para o seu debate e, se for o caso, aprobación, unha conta xeral dos ingresos e gastos do centro no seu conxunto distinguindo capítulos, conceptos e, no que sexa posible, unidades de gasto unha vez rematado cada exercicio económico.

## **TÍTULO V. DA REFORMA DO REGULAMENTO**

### **Artigo 33. Iniciativa de reforma do regulamento**

Poderán propor a reforma do presente regulamento un terzo dos membros da Xunta de Facultade. A proposta de modificación presentarase mediante escrito motivado dirixido ao/á Decano/a.

### **Artigo 34. Tramitación de reforma do Regulamento**

O texto da proposta de reforma será enviado polo/a Decano/a aos membros da Xunta de Facultade, que disporá de quince días para presentar emendas.

Transcorrido este prazo convocarase sesión ordinaria da Xunta de Facultade para aprobar ou rexeitar a reforma proposta. Á convocatoria xuntaranse as emendas presentadas que serán sometidas a debate e a votación.

### **Artigo 35. Aprobación da proposta de modificación do regulamento**

Para a modificación do regulamento requirirase a súa aprobación por maioría absoluta do total dos membros da Xunta e a súa posterior aprobación polo Consello de Goberno da Universidade.

## **DISPOSICIÓN TRANSITORIAS**

### **ÚNICA. Período de adaptación da Comisión Permanente e comisións de traballo**

A Comisión Permanente así como o resto de comisións existentes na facultade, cando entre en vigor o presente regulamento, extinguíranse no prazo máximo dun mes, debendo conformarse e constituírse a nova Comisión Permanente e demais comisións de conformidade co disposto neste regulamento nese prazo.

## **DISPOSICIÓN FINAIS**

### **PRIMEIRA. Derrogatoria**

Queda derrogado o anterior Regulamento de Réximen Interno do centro.

### **SEGUNDA. Entrada en vigor**

O presente Regulamento entrará en vigor o mesmo día en que o aprobe o Consello de Goberno.